

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3584 *Orde PRE/348/2011, do 21 de febreiro, pola que se modifican, para a súa adaptación ao progreso técnico respecto á fibra melamina, os anexos I e II do Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles.*

O Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles, adaptou a normativa española á Directiva 71/307/CEE do Consello, do 26 de xullo de 1971, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre denominacións téxtiles, e ás súas modificacións posteriores.

O citado real decreto foi modificado polo Real decreto 396/1990, do 16 de marzo, que incorporou a modificación introducida pola Directiva 87/140/CEE da Comisión, do 6 de febreiro de 1987.

Por outra parte, a Directiva 96/74/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 1996, relativa ás denominacións téxtiles, levou a cabo a codificación na materia e derogou a Directiva 71/307/CEE.

No ano 1997 aprobouse a Directiva 97/37/CE da Comisión, do 19 de xuño de 1997, que adaptou ao progreso técnico os anexos I e II da Directiva 96/74/CE, polo que se fixo preciso levar a cabo a obrigada harmonización da nosa normativa, realizada por medio do Real decreto 1748/1998, do 31 de xullo, que modificou os anexos I e II do citado Real decreto 928/1987, do 5 de xuño.

Posteriormente, mediante a Directiva 2004/34/CE da Comisión, do 23 de marzo de 2004, pola que se modifican, con obxecto de adaptalos ao progreso técnico, os anexos I e II da Directiva 96/74/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ás denominacións téxtiles, incorporouse a fibra polilactida á lista de fibras que figura nos anexos I e II da citada directiva. Neste caso, a adaptación do ordenamento interno español levouse a cabo por medio do Real decreto 2322/2004, do 17 de decembro, polo que se engade a fibra polilactida aos anexos I e II do Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles.

En xaneiro de 2006 aprobouse a Directiva 2006/3/CE da Comisión, do 9 de xaneiro de 2006, pola que novamente se modifican, para a súa adaptación ao progreso técnico, os anexos I e II da Directiva 96/74/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativa ás denominacións téxtiles, con obxecto de engadir o elastomultiéster á lista de fibras que figura nos ditos anexos.

A adaptación do ordenamento interno español levouse a cabo por medio do Real decreto 1115/2006, do 29 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles, engandindo a fibra elastomultiéster aos anexos I e II deste real decreto.

Posteriormente, aprobouse a Directiva 2007/3/CE da Comisión, do 2 de febreiro de 2007, pola que se modifican, para adaptalos ao progreso técnico, os anexos I e II da Directiva 96/74/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ás denominacións téxtiles, con obxecto de engadir a fibra elastolefina á lista de fibras establecida nos anexos I e II da directiva mencionada.

A adaptación do ordenamento interno español levouse a cabo por medio do Real decreto 1523/2007, do 16 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles, engandindo a fibra elastolefina aos anexos I e II deste real decreto.

A Directiva 2008/121/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xaneiro de 2009, relativa ás denominacións téxtiles, levou a cabo a codificación na materia, derogando, o seu artigo 18, a Directiva 96/74/CE do Parlamento Europeo e do Consello,

do 16 de decembro de 1996 e as súas sucesivas modificacións, sen modificar os contidos.

A Directiva 2009/121/CE da Comisión, do 14 de setembro de 2009, pola que se modifican, para efectos da súa adaptación ao progreso técnico, os anexos I e V da Directiva 2008/121/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativa ás denominacións téxtiles, engadiu a fibra melamina á lista de fibras establecida nos anexos mencionados.

Esta circunstancia fai necesario que se adopten no ordenamento español as disposicións oportunas en relación ás denominacións dos produtos téxtiles, para cumprir a citada Directiva 2009/121/CE e garantir a protección dos intereses do consumidor, polo que se engade a melamina aos anexos I e II do Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles.

Por outro lado, o Real decreto 4/2007, do 12 de xaneiro, polo que se aproban os métodos de análises cuantitativas de mesturas binarias de fibras téxtiles, traspuxo ao ordenamento xurídico a Directiva 96/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 1996, que foi obxecto de diversas modificacións, a última delas mediante a aprobación da Directiva 2009/122/CE da Comisión, do 14 de setembro de 2009, pola que se modifica, para adaptalo ao progreso técnico, o anexo II da Directiva 96/73/CE co obxecto de definir métodos uniformes de ensaio para a melamina. Incorporada mediante esta orde a Directiva 2009/121/CE da Comisión, do 14 de setembro de 2009, procederáse a adoptar unha nova disposición para a transposición da Directiva 2009/122/CE da Comisión, do 14 de setembro de 2009.

Na tramitación desta orde deuse audiencia ás asociacións de consumidores e usuarios e aos sectores afectados, téndose realizado igualmente un trámite de consulta ás comunidades autónomas.

Esta disposición dítase en virtude da autorización contida na disposición derradeira do Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles, que autoriza os ministros de Industria, Turismo e Comercio e de Sanidade, Política Social e Igualdade para modificar conxunta ou separadamente, de acordo coas súas respectivas competencias, os anexos deste real decreto, co fin de mantelos adaptados ao progreso técnico e, especialmente, ao disposto na normativa comunitaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade e do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado dispoño:

Artigo único. Modificación dos anexos I e II do Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles.

Modifícanse os anexos I e II do Real decreto 928/1987, do 5 de xuño, relativo á etiquetaxe de composición dos produtos téxtiles, nos termos seguintes:

Un. No anexo I engádesse a fila 47, coa seguinte redacción:

Núms.	Denominación	Descrición da fibra
«47	Melamina	Fibra formada por cando menos o 85% de masa de macromoléculas reticuladas compostas por derivados de melamina.»

Dous. No anexo II engádesse a fila 47, coa seguinte redacción:

Número de fibra	Fibra	Porcentaxe
«47	Melamina.	7,00.»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/121/CE da Comisión, do 14 de setembro de 2009, pola que se modifican, para a súa adaptación ao progreso técnico, os anexos I e V da Directiva 2008/121/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ás denominacións téxtiles.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 21 de febreiro de 2011.–O ministro da Presidencia, Ramón Jáuregui Atondo.